

UNA CITA:

"El espacio es la realidad de un edificio"

(Frank Lloyd Wright)



## "POSTALES DEL PUERTO": EL SOLAR DEL NUEVO PALACIO PROVINCIAL

Documento del mes  
Octubre 2021



El trazado urbano del puerto define la morfología de A Coruña. El perfil de la ciudad es un horizonte artificial único, una huella dactilar grabada en la memoria colectiva que será su representación, su postal. (Ver fotos [Sellier ca.1919](#) y [Cancelo ca.1929](#)).

La imagen de identidad de la fachada marítima portuaria está ligada a la historia de la Diputación. El [palacio del siglo XIX](#) y el del siglo XX son dos hitos arquitectónicos del borde urbano coruñés, monumentales protagonistas de la transformación urbana de la Marina y del Relleno en una zona de esparcimiento, no en vano ambos comparten manzana con un teatro. (Ver fotos [Ferrer ca.1905](#) y [Artús ca.1950](#)).

A inicios del siglo XIX se dibujaban tres zonas perfectamente diferenciadas: la Ciudad Vieja encerrada en una primera muralla, el barrio de la Pescadería (centro económico con su segunda muralla) y extramuros, el barrio de pescadores de Santa Lucía. El mar llegaba hasta los Cantones. Del petril del siglo XVIII partían cinco rampas, que apenas daban de sí para el tráfico de personas y mercancías que tenían que sortear los puestos de las "peixeiras". Los vertidos incontrolados despedían un hedor nauseabundo sobre la arena.

Desde mediados del siglo XIX, con el despegue económico la ciudad se desborda. Los arquitectos del municipio y la provincia serán los responsables de la nueva imagen burguesa de la urbe. La transición entre las elegantes Casas de Paredes del siglo XVIII y las galerías de la Marina se soluciona con el primer Palacio Provincial, de un neoclasicismo simplificado. Se inicia la gran transformación urbana de la importante ciudad portuaria con la edificación del Hospital Militar y el Cuartel de Atocha, la demolición de las fortificaciones de la Ciudad Alta y el planeamiento de la Plaza de María Pita. Quedaba pendiente la necesaria regeneración y ordenación del caótico litoral.

El "Proyecto de Malecón para el Puerto de La Coruña" del ingeniero Celedonio Uribe, recrea la fachada marítima en la década de 1860. Opta por un enorme relleno asentado sobre el mar, en la ribera oriental de la Pescadería, desde el Baluarte del Parrote, de la primera muralla (en la Solana) hasta la Batería de Salvas que cerraba el segundo amurallamiento (en la Plaza de Mina). En la obra se emplearon los restos de las murallas y las tierras del desmonte de Riazor, conducidos por un ferrocarril construido expresamente.

En 1870, el resultado del Relleno de Uribe es el Muelle de Méndez Núñez, 3000 metros cuadrados ganados al mar de la ría, la mutación urbanística más importante en el corazón de la ciudad, alterando su visión desde el mar. En los años noventa Eduardo Vila prosigue llenando el contorno de la ría, definiendo la concha con los nuevos muelles de Batería, Linares Rivas, Santa Lucía y la Palloza. Es el artífice de la emblemática Dársena de la Marina. (Ver fotos [Guilera ca.1920](#), [anónima ca.1925](#) y [Roisin ca.1931](#)).

El efecto es una explanada para uso portuario con un funcional embarcadero frente a la antigua Aduana, un efímero muelle de hierro que apenas pervivió hasta 1915 (en la calle Alcalde Manuel Casas). A continuación, una franja de 30 metros de jardines discurría en paralelo a los Cantones, un pulmón verde para una ciudad que tan solo contaba con el jardín de San Carlos y el paseo de la Alameda. Una zona abierta a las grandes transformaciones de la ciudad emergente, a la vanguardia de la revolución en el mercado de la diversión. (Ver fotos [Ferrer 1907](#), [Anónima ca. 1930](#) y [anónima ca.1940](#)).

Conforme los Jardines de Méndez Núñez se pueblan de especies arbóreas y de estatuas, el Relleno se irá animando con locales recreativos y hosteleros a medida que se desplazan los usos portuarios hacia nuevos muelles. En 1877 se instala el primer kiosko. Le seguirán tinglados de espectáculos, pabellones cinematográficos, tiovivos de feria, circos y teatrillos. Establecimientos construidos en locales provisionales de madera, hierro y cristal. Una variada muestra de atrevidas arquitecturas del ocio que dieron fama a la ciudad. Con el tiempo fueron sustituyéndose por otras más perdurables. (Ver fotos [Sellier ca.1920](#), [anónima ca.1920](#), [Cancelo ca. 1935](#) y [Pardo Reguera ca.1939](#)).

La imagen simbólica de prosperidad y progreso se alcanza en el esplendor de los años veinte. Pan de Soraluce proyecta un espectacular muelle de Transatlánticos desde el de Batería. Tenreiro junto con Estellés levantan el edificio más alto de España, el Banco Pastor. Con su verticalidad, la fachada noble de la ciudad adquiere una nueva escala. (Ver fotos [Cancelo ca.1939](#), [Roisin ca.1940](#) y [Blanco ca.1946](#)).

Tendida ya la trama urbana con su icónico frente representativo, A Coruña alcanza la vanguardia del cosmopolitismo. En el estratégico nudo de encuentro entre La Marina y los nuevos jardines se sitúa un espacio ideal, sobre el que poder emplazar un edificio monumental. Una parcela regular, de 30 x 60 metros, adosada al muelle de hierro, apenas ocupada con unos almacenes portuarios, a la espera de algún visionario. Es el telón de fondo del Paseo de Méndez Núñez hacia la Marina, que en 1934 se embellece con un conjunto escultórico de Asorey dedicado a Curros Enríquez, un cierre visual digno de un palacio. (Ver fotos [anónima ca.1934](#), [anónima ca.1940](#) y [anónima ca.1950](#)).

Continuará....

#### Bibliografía empleada

Textos y dirección de arte: Carmen Molina Taboada. Maquetación: Yolanda Carro Sánchez. Corrección texto gallego: Nieves do Campo Piñeiro. Documentos: ADAC Colección Manuel Puga Pequeño F8-5.

UNA CITA:

"O espacio é a realidade dun edificio"

(Frank Lloyd Wright)



**"POSTAIS DO PORTO":  
O SOLAR DO NOVO PALACIO PROVINCIAL**

**Documento do mes  
Outubro 2021**



O trazado urbano do porto define a morfoloxía da Coruña. O perfil da cidade é un horizonte artificial único, unha pegada dactilar gravada na memoria colectiva que será a súa representación, a súa postal. (Ver fotos [Sellier ca.1919](#) e [Cancelo ca.1929](#)).

A imaxe de identidade da fachada marítima portuaria está ligada á historia da Deputación. O [palacio do século XIX](#) e o do século XX son dous fitos arquitectónicos do bordo urbano coruñés, monumentais protagonistas da transformación urbana da Mariña e do Recheo nunha zona de esparexemento, non en balde ambos comparten bloque cun teatro. (Ver fotos [Ferrer ca.1905](#) e [Artús ca.1950](#)).

A inicios do século XIX debuxábanse tres zonas perfectamente diferenciadas: a Cidade Vella encerrada nunha primeira muralla, o barrio da Peixaría (centro económico coa súa segunda muralla) e extramuros, o barrio de pescadores de Santa Lucía. O mar chegaba ata os Cantóns. Do petril do século XVIII partían cinco ramplas, que apenas daban de si para o tráfico de persoas e mercadorías que tiñan que sortear os postos das peixeiras. As verteduras incontroladas despedían un fedor nauseabundo sobre a area.

Desde mediados do século XIX, co despegamento económico a cidade desbórdase. Os arquitectos do municipio e a provincia serán os responsables da nova imaxe burguesa da urbe. A transición entre as elegantes Casas de Paredes do século XVIII e as galerías da Mariña soluciónase co primeiro Palacio Provincial, dun neoclasicismo simplificado. Comeza a gran transformación urbana da importante cidade portuaria coa edificación do Hospital Militar e o Cuartel de Atocha, a demolición das fortificacións da Cidade Alta e o plan da Praza de María Pita. Quedaba pendente a necesaria rexeneración e ordenación do caótico litoral.

O "Proyecto de Malecón para el Puerto de La Coruña" do enxeñeiro Celedonio Uribe, recrea a fachada marítima na década de 1860. Opta por un enorme recheo asentado sobre o mar, na ribeira oriental da Peixaría, desde o Baluarte do Parrote, da primeira muralla (na Solaína) ata a Batería de Salvas que pechaba o segundo muro (na Praza de Mina). Na obra empregáronse os restos das murallas e as terras do desmonte de Riazor, conducidos por un ferrocarril construído expresamente.

No ano 1870, o resultado do Recheo de Uribe é o Peirao de Méndez Núñez, 3000 metros cadrados gañados do mar da ría, a mutación urbanística máis importante no corazón da cidade, alterando a súa visión desde o mar. Nos anos noventa Eduardo Vila prosegue enchendo o contorno da ría, definindo a cuncha cos novos peirao de Batería, Linares Rivas, Santa Lucía e a Palloza. É o artífice da emblemática Dársena da Mariña. (Ver fotos [Guilera ca.1920](#), [Anónima ca.1925](#) e [Roisin ca.1931](#)).

O efecto é unha planicie para uso portuario cun funcional embarcadoiro fronte á antiga Aduana, un efémero peirao de ferro que apenas perviviu ata 1915 (na rúa Alcalde Manuel Casas). De seguido, unha franxa de 30 metros de xardíns discorría en paralelo aos Cantóns, un pulmón verde para unha cidade que tan só contaba co xardín de San Carlos e o paseo da Alameda. Unha zona aberta ás grandes transformacións da cidade emerxente, á vanguarda da revolución no mercado da diversión. (Ver fotos [Ferrer 1907](#), [anónima ca. 1930](#) e [anónima ca.1940](#)).

Conforme os Xardíns de Méndez Núñez pobóanse de especies arbóreas e de estatuas, o Recheo irase animando con locais recreativos e hostaleiros a medida que se desprazan os usos portuarios cara a novos peirao. No ano 1877 instálase o primeiro kiosco. Seguiranlle "tinglados" de espectáculos, pavillóns cinematográficos, carruseis de feira, circos e teatrillos. Establecementos construídos en locais provisionais de madeira, ferro e cristal. Unha variada mostra de atrevidas arquitecturas do lecer que deron fama á cidade. Co tempo foron substituíndose por outras más perdurables. (Ver fotos [Sellier ca.1920](#), [anónima ca.1920](#), [Cancelo ca. 1935](#) e [Pardo Reguera ca.1939](#)).

A imaxe simbólica de prosperidade e progreso alcánzase no esplendor dos anos vinte. Pan de Soraluce proxecta un espectacular peirao de Transatlánticos desde o de Batería. Tenreiro xunto con Estellés levantan o edificio máis alto de España, o Banco Pastor. Coa súa verticalidade, a fachada nobre da cidade adquire unha nova escala. (Ver fotos [Cancelo ca.1939](#), [Roisin ca.1940](#) e [Blanco ca.1946](#)).

Tendida xa a trama urbana coa súa icónica fronte representativa, A Coruña alcanza a vanguarda do cosmopolitismo. No estratéxico nó de encontro entre A Mariña e os novos xardíns sitúase un espazo ideal, sobre o que poder emprazar un edificio monumental. Unha parcela regular, de 30 x 60 metros, anexa ao peirao de ferro, apenas ocupada cuns almacéns portuarios, á espera dalgún visionario. É o pano de fondo do Paseo de Méndez Núñez cara á Mariña, que no ano 1934 embelécese cun conxunto escultórico de Asorey dedicado a Curros Enríquez, un peche visual digno dun palacio. (Ver fotos [anónima ca.1934](#), [anónima ca.1940](#) e [anónima ca.1950](#)).

Continuará....

#### Bibliografía empregada

Textos e dirección de arte: Carmen Molina Taboada. Maquetación: Yolanda Carro Sánchez. Corrección texto galego: Nieves do Campo Piñeiro. Documentos: ADAC Colección Manuel Puga Pequeño F8-5.